



PROPOSICIÓN SOBRE UNHA ACTUACION INTEGRAL NO PARQUE E PRAZA DA CONSTITUCIÓN

O **Grupo Municipal do Partido Popular**, ao abeiro do Regulamento Orgánico Municipal, presenta, para a súa inclusión no Pleno, a seguinte **PROPOSICIÓN**

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Para considerar o nivel de calidade de vida dun concello ou dunha cidade un dos elementos capitais que se adoita avaliar é o número e o grao de coidado das dotacións e equipamentos dos seus parques e zonas verdes.


A nosa cidade mantén hoxe – froito dun loable esforzo ao longo dos anos- un nivel moi importante, en número e calidade, de espazos públicos para o lecer e o goce da cidadanía, chegando na actualidade a contar con máis dun cento deste tipo de espazos públicos que ofrecen unha media de 24 m²/habitante, cifra que en pouco tempo –coa incorporación do Bosque de Galicia- se achegará aos 27 m²/habitante, superando amplamente as recomendacións dos organismos internacionais que falan de entre 10-15 m²/habitante, superando tamén a media das cidades españolas e, en particular, á inmensa maioría das urbes de tamaño igual ou superior á nosa.

Dispoñer dunha *ratio* tan positiva, lonxe de sumirnos na autocompracencia debe ser un incentivo para o seu coidado e mantemento, para a súa plena e constante adecuación ás demandas e necesidades do conxunto da veciñanza.

Valoradas no seu conxunto, as superficies destinadas ao solaz cidadá sen dúbida hai que consideralas como aceptables, cunha inmensa maioría ben atendidas e algunhas que presentan deficiencias, de maior ou menor número e entidade, que precisan unha actuación decidida que melloren as súas condicións.

Nese último caso está a Praza da Constitución e o parque situado entre a Avenida de Lugo e a rúa Ramón Piñeiro, na zona popularmente coñecida como Tras Parlamento, que conta cunha superficie conxunta próxima aos 7.000 metros cadrados. Neste contorno atópanse dúas instalacións públicas que xeran un importante tránsito diario de persoas – unha escola infantil e os Rexistros de Santiago- que conflúe coa estancia e coas actividades propias deste espazo no que se combinan lecer, descanso e mesmo deporte de baixa intensidade.

A situación desta zona presenta na actualidade unha problemática complexa que, desde o Grupo Popular consideramos importante atallar canto antes.




Dunha parte, as condicións de seguridade, de mantemento e de ornato deben ser melloradas: existen infinidade de pintadas que afean o conxunto, nas paredes, no mobiliario, nos carteis informativos e mesmo sobre o monumento que lembra ás mulleres vítimas de violencia de xénero; bótanse en falta labores de mantemento nos elementos de madeira (mesas, bancos e trabes das pérgolas) que van camiño da podremia; detéctanse fallos no relativo á accesibilidade (é preciso repoñer o bolardo que impida o paso indiscriminado de vehículos a motor desde a rampla da rúa Ramón Piñeiro ou resolver o problema da accesibilidade para persoas con mobilidade reducida desde a Avenida de Lugo); conséntase a ausencia de elementos de protección, deficiencias na iluminación, superficies de tránsito irregulares e a existencia de pasos soltos, desprazados ou estragados en escadas de acceso.

Ademais das evidentes carencias e faltas de mantemento do conxunto, a propia praza principal representa para moitas das persoas usuarias un espazo conflictivo dado que nel conviven actividades dificilmente compatibles. Na actualidade é frecuente que esta explanada onde radica o parque infantil, sexa empregado pola mocidade para patinar e practicar *skate*, ao considerar que reúne mellores condicións que a próxima habilitada especificamente con ramplas para este deporte. Tamén é frecuente observar como algunhas persoas con cans percorren a zona alta do parque -na que se sitúan xogos, bancos e mesas e onde un cartel advirte da lóxica prohibición-, cando teñen un lugar amplo, dedicado e sinalizado para este fin. Estas situacións, que xeran non poucas tensións, podería resolverse realizando unha mellor planificación e delimitación das habituais actividades que alí se realizan, mesmo contemplando a posibilidade de intercambiar os usos de maneira que se mellore a convivencia.

Por outro lado, na parte central desta área que conduce ás instalacións dos Rexistros de Santiago existe unha extensa zona ocupada por numerosos aparatos para a realización de exercicios, unha cantidade e un emprazamento que -tendo en conta a experiencia e a opinión das persoas usuarias do parque- parece excesivo e pouco axeitado para unha mellor ordenación e aproveitamento do recinto.

Por último, as baixadas de acceso ao aparcadoiro subterráneo e a propia caseta de información -trasladada no seu día desde a Praza de Galicia- non ofrecen a imaxe que sería desexable nun contorno público. Respecto desta última instalación sería conveniente dotala dalgún uso que facilitara o seu coidado e evitara o seu estrago, como, por exemplo, a cesión a algunha organización de interese social e sen ánimo de lucro das que actúan no termo municipal.


Por todo o anterior, o Grupo Municipal do Partido Popular presenta, para a súa consideración e, se procede, aprobación polo Pleno da Corporación o seguinte



ACORDO

O Pleno insta ao correspondente órgano do Goberno local a que proceda a un tratamento integral, no tocante a limpeza, mantemento, mellora e ordenación, do espazo público conformado pola praza e parque da Constitución, na zona coñecida como Tras Parlamento, entre as rúas Ramón Piñeiro e Avenida de Lugo.

Santiago de Compostela, 7 de marzo de 2016



Agustín Hernández
Portavoz do Grupo Municipal do Partido Popular

Sr. Alcalde do Concello de Santiago de Compostela

